

ACTA DA SESIÓN ORGANIZATIVA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 25 DE XUÑO DE 2015

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e cinco de xuño de dous mil quince, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar a sesión prevista no art.38 do ROF, debidamente convocada para as vinte horas de dito día, e adiada para as vinte horas e trinta minutos, dando comezo a esta hora.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna.Gloria M^a Prada Rodriguez, D.Iban Torres Rodríguez, Dna. M^a Pilar Espinosa Novelle, D.José Luis Losada Fernández, Dna.Marina M^a Douton Rajo.

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: Dna. M^a Pilar López Martínez, , Dna. M^a José Vega Buján, D.Emilio José Sánchez Iglesias, D.Víctor López Mateo.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. M^a Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M^a Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

Grupo municipal de Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Interventora: D^a M^a Fe González Marquina.

Secretario: D. José M^a Baños Campo, que dá fe do acto.

Non asiste Dna. M^a Alicia I. Cadarso Palau (BNG).

O Sr.Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

1. ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN CONSTITUTIVA DO 13 DE XUÑO DE 2015.

Non hai ningunha observación respecto ao borrador remitido coa convocatoria. Sometido a votación, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a Acta da sesión constitutiva da Corporación municipal, do 13 de xuño de 2015.

2. DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS, DOS SEUS INTEGRANTES E PORTAVOCES.

Dáse conta ao Pleno, para os efectos do previsto no art.25 do ROF, de que se presentaron na Secretaría Xeral da Corporación municipal, de acordo co art.24 de dita norma, os escritos correspondentes asinados por tódolos integrantes dos mesmos, para a

constitución dos Grupos políticos municipais, canle para a actuación corporativa dos membros da Corporación municipal, segundo dispoñen o art. 73.3 da Lei 7/1985 e o art.23 do ROF.

De resultados de ditos escritos, os Grupos políticos que se constitúen no Concello de Monforte de Lemos, son os que figuran a continuación cos seus integrantes e portavoces:

GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA.-

Integrantes: D. José Tomé Roca, Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. M^a Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina María Douton Rajo.

Portavoz: Titular: D. Iban Torres Rodríguez. Suplentes: Os demais integrantes do Grupo, na orde coa que figuraban na candidatura.

GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.-

Integrantes: Dna. M^a Pilar López Martínez, Dna. M^a Alicia I. Cadarso Palau, Dna.M^a José Vega Buján, D.Emilio José Sánchez Iglesias, D. Víctor López Mateo

Portavoz: Titular: Dna. M^a Pilar López Martínez. Suplentes: Dna.M^a José Vega Buján, Dna. M^a Alicia I. Cadarso Palau, D.Emilio José Sánchez Iglesias, D. Víctor López Mateo

GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.-

Integrantes: Dna. M^a Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, Dna.M^a Purificación Argiz Quintas, D.Francisco José Cela Rodríguez, D.Manuel Jesús López Sánchez.

Portavoz: Titular: Dna. M^a Julia Rodríguez Barreira. Suplentes: D. Emilio Iván Vázquez Rodríguez, Dna.M^a Purificación Argiz Quintas.

GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE.-

Integrante: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Portavoz: Dna. M^a Isabel García Díaz.

O Pleno municipal queda informado.

3. PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO.

En base á proposta do expediente da sesión –que se corrixe na propia sesión para a referencia ao mes de agosto e para modular a hora segundo a modificación oficial desta o Pleno, por once votos a favor (Grupos Socialista e do PP) e cinco abstencións (Grupos do BNG e de Esperta Monforte), adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- A periodicidade do Pleno ordinario será mensual, sen prexuízo de que non se celebre no mes de agosto. Cúmrese co previsto no art. 46.2.a) da Lei 7/1985.

SEGUNDO.- O día de celebración da sesión ordinaria do Pleno será o último luns de mes, puidendo motivadamente modificarse dito día nunha marxe de sete días hábiles. Prevese como hora para convocala: as vinte horas (oito da tarde) de novembro a marzo, e as vinte horas e trinta minutos (oito e media da tarde) de abril a outubro.

No debate deste asunto, producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que o día de celebración está ben, pero que no horario, debería empezarse máis cedo. A experiencia dinos que é moita a duración das sesións. Habería que consensuar adiantar a hora e a duración máxima.

Do Sr. Alcalde, que di que é o horario que temos tido dende hai anos. A nosa proposta é deixalo como está. A duración depende de nós e do propio ROF, que aínda que non é taxativo, pon límite nas 12 da noite. Os horarios cambiarían polos cambios dos últimos sábados de marzo e outubro.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que se respectamos a minutaxe, non deberían exceder as sesións das 12 da noite.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que o seu Grupo vai aprobar a proposta, ao ser a hora igual á que xa había, coa modificación que se fai en réplica ao cambio horario oficial. Parécenos correcto, porque hai que contemplar tamén aos que están traballando ata tarde.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que respectaría o das oito da tarde, se non se quere adiantar. De non adiantalo, ser fieis a ese horario, tanto en verán como en inverno.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que apoia a proposta, coas correccións que se introduciron.

4. CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

En base á proposta do expediente da sesión, o Pleno, por quince votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e do PP) e un voto en contra (Grupo de Esperta Monforte), adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Crear as seguintes Comisións Informativas permanentes no Concello de Monforte de Lemos:

*Pleno da Corporación
Sesión organizativa do 25.06.2015*

- 1. Comisión informativa de Economía e Facenda e Comisión Especial de Contas (art. 127.3 do ROF).**
- 2. Comisión informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos.**

SEGUNDO.- Fixar, como composición das mesmas, un número de **once membros** para cada unha, catro do Grupo Socialista, tres do Grupo do BNG, tres do Grupo do PP e un do Grupo de Esperta Monforte, que corresponde decidir a cada Grupo.

No debate deste asunto, producíronse as seguintes intervencións:

Do Sr.Alcalde, para explicar que ata agora había máis Comisións, pero non se reunían. Isto é máis operativo. Con once membros, aténdese mellor á proporcionalidade de representación dos Grupos.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que como a Comisión de Contas é obrigatoria, mellor desdóbrala da de Facenda. Propón 8 integrantes, o que suporía un aforro, repartidos en 3 do PSOE, 2 do BNG, 2 do PP e 1 de Esperta Monforte. Valoraremos, se non se acepta, presentar unha moción ao respecto.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que fórmulas existen moitas. Se se reduce o número de integrantes, pero se forma unha Comisión máis, é contraditorio para o aforro. Imos apoiar a proposta.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que están de acordo coas Comisións e coa súa composición.

Do Sr.Alcalde, que di que unha das Comisións ten tódolos asuntos, excepto os económicos. Sobre rebaixar os membros, di que o reparto que se propón é o que mellor responde á proporcionalidade.

5. NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS E ENTIDADES.

Vista a proposta do expediente da sesión, e tendo en conta a alternativa presentada polo BNG, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

A representación municipal nos diversos órganos e entidades dos que forma parte, será a seguinte:

A) ÓRGANOS.-

*Pleno da Corporación
Sesión organizativa do 25.06.2015*

- a) De funcionamento no propio Concello:
- **Mesa Local do Comercio.** Representante art.5.c) do Decreto 183/2011: Dna.Gloria M^a Prada Rodríguez, 1^a Tenente de Alcalde e Concelleira de Facenda.
 - **Xunta Local de Seguridade.** O Alcalde -co-presidente- designa a representación municipal. Real Decreto 1087/2010.
 - **Comisión da Escola Infantil Municipal.** Forma parte dela a “Concelleira/o de Igualdade e Benestar Social”. Regulamento de Réxime Interno aprobado en 2009.
 - **Instituto Municipal de Drogodependencias.** A representación será exercida polo Alcalde como Presidente do conxunto da Corporación municipal e pola Concelleira de Sanidade, Dna.M^a Pilar Espinosa Novelle, mentres non se resolva sobre o futuro dun organismo que non ten na práctica o funcionamento autónomo para o que se creara.
 - **Consello Escolar do Conservatorio (municipal) Profesional de Música “Mestre Ibáñez”.** (Fai conxunto co apartado seguinte)
- b) De funcionamento alleo ao Concello:
- **Consello Escolar do Centro de Educación Especial “Infanta Elena”.**
 - **Consello Escolar da Escola Oficial de Idiomas de Monforte de Lemos.**
 - **Consello Escolar do I.E.S. Río Cabe.**
 - **Consello Escolar do I.E.S. A Pinguela.**
 - **Consello Escolar do I.E.S. Daviña Rei**
 - **Consello Escolar do CEIP A Gándara.**
 - **Consello Escolar do CEIP de Monforte de Lemos (Colexio Novo).**
 - **Comisión de Concertos Educativos.**

B) ENTIDADES.-

- **UNED. Aula de Monforte de Lemos do Centro Asociado de Lugo.**
- **Hospital Comarcal.**
(A UNED e o Hospital Comarcal fan conxunto cos Consellos Escolares).

O conxunto de Consellos Escolares, UNED e Hospital Comarcal, son 11 órganos ou entidades, cuxa representación neles será a seguinte: BNG, 5. PP, 5. Esperta Monforte, 1.

- **Consortio de Turismo Ribeira Sacra.** O representante será o Sr.Alcalde, sen prexuízo da delegación que pode facer.
- **Rede de Xuderías.** O Alcalde ou membro da corporación expresamente delegado. Art. 15 dos Estatutos de “*Caminos de Sefarad. Red de Juderías de España*”.
- **Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego.** O art. 4º.2 do Real Decreto 39/2007, que as regula, prevé que sexa convocado as súas

sesións “un representante de cada concello directamente afectado nos asuntos que se van tratar en cada sesión”. A convocatoria ven sendo dirixida ao Sr.Alcalde.

- **Consortio provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.** O art. 8º dos seus Estatutos prevé que forman parte do Pleno do Consortio “os alcaldes dos concellos onde se estableza un parque de bombeiros”.
- **Fundación dos Ferrocarrís de Galicia.** (Inicialmente, os Estatutos prevían como Presidente do Padroado da Fundación ao Alcalde de Monforte de Lemos. Foron modificados e agora o Concello de Monforte de Lemos como membro da Fundación ten dereito a unha vogalía no Padroado, que ven exercendo o Sr.Alcalde, sen que conste acordo municipal, tal vez como herdanza da antiga presidencia).
- **Fundación Instituto da Construción do Val de Lemos.** (Constituída en 1999 polo Concello e a Asociación provincial de empresarios da construción. Formaban parte dela inicialmente polo Concello, o Alcalde e tres Concelleiros. De feito, os Estatutos prevén que o Presidente titular da Fundación é o Alcalde de Monforte de Lemos e que no seu Padroado estarán tres Concelleiros designados polo Alcalde).

No debate deste asunto, producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que engadindo o Eixo Atlántico e o Consello Económico e Social (e tamén o GDR –Grupo de Desenvolvemento Rural- ao que fixo referencia o Sr.Secretario), hai 13 órganos ou entidades nos que está o Grupo de Goberno. O seu Grupo presentou ao comezo da sesión a seguinte proposta alternativa:

“EMENDA A VARIAS PROPOSTAS PARA O PLENO DO DÍA 26 DE XUÑO DE 2015

INOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS E ENTIDADES

ÓRGANOS E ENTIDADES

De Funcionamento no propio Concello- Equipo de goberno:

1. Mesa Local de Comercio.
2. Xunta Local de Seguridade.
3. Comisión da Escala Infantil Municipal.
4. Instituto Municipal de Drogodependencias.
5. Consortio de Turismo Ribeira Sacra.
6. Rede de Xuderías.
7. Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego.

8. Consorcio provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.
9. Fundación dos Ferrocarrís de Galicia.
10. Fundación Instituto da Construción do Val de Lemas.
11. Eixo Atlántico.
12. Consello Económico e Social.

De Funcionamento alleo ao Concello:

1. Consello Escolar do Centro de Educación Especial Infanta Elena
2. Consello Escolar da Escola Oficial de Idiomas de Monforte de Lemos.
3. Consello Escolar do IES Río Cabe.
4. Consello Escolar do IES A Pinguela.
5. Consello Escolar do IES Daviña Rei.
6. Consello Escolar do CEIP A Gándara.
7. Consello Escolar do CEIP de Monforte de Lemas (Colexio Novo).
8. Comisión de Concertos Educativos.

Propoñemos introducir neste punto de funcionamento alleo ao Concello:

9. UNED Aula de Monforte de Lemos do Centro Asociado de Lugo.
10. Consello Escolar do Conservatorio (municipal) Profesional de Música "Mestre Ibáñez"
11. Hospital Comarcal.

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego tendo en conta que o equipo de goberno estaría presente en 12 órganos ou entidades propón repartir este último apartado de funcionamento alleo ao concello conformado por 11 órganos entre os 11 concelleiros/-as da oposición do seguinte xeito en aras de que todo representante da cidadanía poida, cando menos, participar nalgún destes órganos.

BNG: 5. PP: 5. ESPERTAMONFORTE: 1

II. PROPOSTA DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE AS MESAS DE CONTRATACIÓN.

Solicitámoslle á corporación municipal que se ratifique nun acordo que se levou a cabo durante o último mandato de publicar no **PERFIL DO CONTRATANTE** todos os contratos, incluídos os menores, co fin de incrementar a transparencia máis alá do que indica a lei.

Ao mesmo tempo, e en aras da transparencia, propoñemos que nas mesas de contratación todos os grupos municipais, que así o desexen, poidan asistir ás mesmas **con voz pero sen voto.**"

No Hospital, que non se convocase, non quere dicir que non se poida reunir e prever por tanto representación. Fóra dos 13 indicados, quedan 11 órganos ou entidades, que deben ser para os Concelleiros/as da oposición.

(Interviu tamén o Sr.Secretario explicando as diversas representacións, e a normativa contractual a propósito da segunda parte da emenda do BNG. Esta segunda parte vai quedar fóra deste asunto).

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que falou co Secretario antes da sesión sobre o Hospital Comarcal. Solicita a súa inclusión e mostra o seu interese nesa Comisión allea ao Concello.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que solicita que o Sr.Secretario confirme se a normativa prevé algo sobre o Hospital Comarcal. Coincidimos en que é moito o que asume o Grupo de goberno, e que unha representación máis equitativa é a que di o BNG, polo que imos apoiar a súa proposta.

Do Sr.Alcalde, que di que o goberno está en tanto que goberno, e non computa. A UNED non é un Consello escolar. Tampouco debería figurar o Conservatorio. Os Consellos escolares, non temos problema en que os oito sexan para a oposición, pero non deben estar no mesmo saco a UNED e o Conservatorio.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que o do Conservatorio é un Consello escolar como outro calquera. Co Hospital e a UNED son once, e once somos na oposición.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que entre oito e once son tres órganos de diferenza e non é tanto que incorporem os tres. A proposta é que sexan para o resto dos Grupos, xa que o goberno ten moita representatividade, apoiando deste modo a do BNG.

Do Sr.Alcalde, que di que aceptan a proposta.

6. COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE, MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓNS EFECTUADAS.

Dáse conta das seguintes Resolucións da Alcaldía, de 18 de xuño de 2015:

“DECRETO.- Nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local, de Tenentes de Alcalde e Delegacións especiais de servizos.- En sesión celebrada o día 13 de xuño de 2015 quedou constituída a Corporación municipal xurdida das eleccións locais celebradas o 24 de maio de 2015, e foi elixido Alcalde quen acorda o que neste Decreto se dispón para configurar o goberno, organización e xestión do Concello de Monforte de Lemos ao comezar un novo mandato corporativo.

En uso, para iso, das atribucións que á Alcaldía-Presidencia corresponden e a teor do disposto nos artigos 20.1.b) e 23 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime

local, e nos artigos 43, 44, 46 e 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), aprobado por Real Decreto 2568/1986, RESOLVO

PRIMEIRO.- Nomear membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes Concelleiros/as, que conformarán dito Órgano xunto co Sr.Alcalde que o preside:

- Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez.
- D. Iban Torres Rodríguez.
- Dna. M^a Pilar Espinosa Novelle.
- D. José Luis Losada Fernández.
- Dna. Marina María Douton Rajo.

SEGUNDO.- Nomear Tenentes de Alcalde aos seguintes Concelleira e Concelleiro, membros da Xunta de Goberno, que substituirán regulamentariamente ao Sr.Alcalde pola orde en que son designados:

- 1^a Tenente de Alcalde: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez.
- 2^o Tenente de Alcalde: D. Iban Torres Rodríguez.

TERCEIRO.- Efectuar as Delegacións especiais dos **servizos** que se indican. Fanse constar os servizos que non son obxecto de delegación por ser xestión da propia Alcadía.

- Alcalde, D.José Tomé Roca: URBANISMO.
INFRAESTRUTURAS.
PROMOCIÓN ECONÓMICA, COMERCIO E
TURISMO.
DEPORTES.
- 1^a Tte. Alcalde, Dna.Gloria M^a Prada Rodríguez: FACENDA.
RÉXIME INTERIOR.
SERVIZOS SOCIAIS E
DISCAPACIDADE.
- 2^o Tenente de Alcalde, D.Iban Torres Rodríguez: MEDIO AMBIENTE,
PARQUES E XARDÍNS.
- Concelleira Dna. M^a Pilar Espinosa Novelle: TRÁFICO E MOBILIDADE.
SANIDADE E CONSUMO.
- Concelleiro D. José Luis Losada Fernández: MEDIO RURAL.
SERVIZOS DE
ABASTECIMENTO DE AUGA,
SANEAMENTO, RECOLLIDA
DE LIXO E LIMPEZA VIARIA,
CEMITERIO, ILUMINACIÓN
PÚBLICA.
- Concelleira Dna. Marina María Douton Rajo: CULTURA.
ENSINO.
XUVENTUDE.
IGUALDADE.

CUARTO.- As Delegacións especiais recollidas no apartado terceiro da parte dispositiva desta Resolución comprenderán a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, pero non incluírán a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

QUINTO.- Os nomeamentos e delegacións deste Decreto surtirán efectos dende o día seguinte ao da súa data, sen prexuízo das preceptivas publicación no Boletín Oficial da Provincia e dación de conta ao Pleno.”

“DECRETO.- Delegación de atribucións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local.- Nomeados por Decreto da Alcaldía desta mesma data os membros da Xunta de Goberno Local, procede a efectos de dar conta a dito Órgano na súa sesión constitutiva para a súa aceptación regulamentaria, determinar as atribucións propias da Alcaldía que se delegan na Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, de acordo cos artigos 21 e 23 da Lei da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, 43, 44 e 114 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), aprobado por Real Decreto 2568/1986, e 13 da Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, RESOLVO

PRIMEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

- A resolución dos expedientes urbanísticos de obras – maiores e menores-,de edificación, de uso do solo e do subsolo, de segregación ou parcelación e de primeira ocupación. O outorgamento das licenzas que neles correspondan.
- A resolución dos expedientes de disciplina urbanística, sancionadores e de reposición da legalidade urbanística. As declaracións de ruína e as ordes de execución.
- A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do plan xeral non atribuída expresamente ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- A resolución dos expedientes de actividades e de apertura de establecementos.
- As autorizacións en dominio público e de utilización de instalacións ou bens municipais, agás as urxentes cuxa resolución non se poida demorar ata a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local. As licenzas: de vaos, entradas por beirarrúas e reservas de vía pública; de taxis e vehículos de aluguer; de animais perigosos.
- As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, dos contratos administrativos especiais e dos contratos privados, cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

- A adxudicación de concesións sobre os bens municipais e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.
- A aprobación de proxectos de obras e servizos no marco das competencias para contratación e concesión que quedan indicadas, que estean previstos no orzamento.
- A resolución dos expedientes de responsabilidade patrimonial que se interpoñan contra ou Concello.
- A resolución de expedientes sancionadores.
- Os convenios con outras Administracións Públicas, que non correspondan ao Pleno.
- A aprobación de liquidacións tributarias, de prezos públicos e de calquera ingreso do Concello, tanto individuais como colectivas (padróns).
- A resolución de expedientes de devolución de ingresos indebidos por anulación de liquidacións.
- A resolución de expedientes de bonificacións e exencións tributarias, que non correspondan ao Pleno.
- A aprobación de gastos e facturas e de propostas de gasto -agás o que corresponda a gastos de vencemento periódico contractual-, dende a cantidade, con IVE incluído, de 3.000,00 €.
- A autorización, e a aprobación da xustificación, de pagos a xustificar e de anticipos de caixa fixa.
- A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, non exceda do 10% dos recursos ordinarios do orzamento, agás as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior. Todo isto de conformidade coa Lei Reguladora das Facendas Locais.
- A devolución de garantías constituídas en metálico e a cancelación de avais, seguros de crédito e caución e similares.
- A aprobación da oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno, a aprobación das bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e a distribución das retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.
- A aprobación das Bases para a concesión de subvencións, e a resolución sobre a concesión da subvención.

SEGUNDO.- A delegación efectuada ten efectos dende o 22 de xuño de 2015 inclusive, data prevista para a sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das preceptivas publicación no Boletín Oficial da Provincia e dación de conta ao Pleno.”

7. RÉXIME DE DEDICACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN LOCAL, E ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS CORPORATIVAS.

En base á proposta do expediente da sesión, de acordo cos artigos 73, 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985 e 13 do ROF, o Pleno, por seis votos a favor (Grupo Socialista) un voto en contra (Grupo de Esperta Monforte) e nove abstencións (Grupos do BNG e do PP) no punto primeiro do acordo, e por dez votos a favor (Grupos Socialista e do BNG), un voto en contra (Grupo de Esperta Monforte) e cinco abstencións (Grupo do PP) nos puntos segundo a cuarto, adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Fixar dedicación exclusiva para o exercicio do cargo, mantendo a retribución que figura no expediente do orzamento de 2015, para o Alcalde e para un membro do goberno municipal. Esta segunda dedicación pode ser dividida en dúas dedicacións parciais.

(Aprobado o anterior, tendo en conta a decisión da Alcaldía no que a esta lle corresponde de determinar os membros da Corporación que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, sen prexuízo da plasmación formal na correspondente Resolución, o réxime de dedicacións dos cargos corporativos con efectos de 1º de xullo de 2015, será:

- Alcalde D.José Tomé Roca, 43.632,68 € anuais en 14 pagas.
- 1ª Tenente de Alcalde Dña.Gloria Mª Prada Rodríguez, 16.825,97 € anuais en 14 pagas (50% de 33.651,94 €)
- Concelleiro Delegado de Servizos D.José Luis Losada Fernández, 16.825,97 € anuais en 14 pagas (50% de 33.651,94 €).

SEGUNDO.- Fixar a percepción por asistencias a Órganos colexiados, que lles corresponde aos membros da Corporación sen dedicación exclusiva ou parcial, en 50,00 € por sesión do Pleno, da Xunta de Goberno Local, das Comisións Informativas e por reunión da Xunta de Portavoces.

TERCEIRO.- Os membros da Corporación percibirán indemnizacións polos gastos ocasionados no exercicio do cargo (dietas e locomoción) segundo as normas que se aplican aos funcionarios públicos, con asimilación ao grupo 1 do Real Decreto 462/2002.

CUARTO.- Asignar aos Grupos políticos municipais a seguinte dotación económica:

Compoñente fixo: 300,00 € por mes. Idéntico para tódolos Grupos.

Compoñente variable: 100,00 € por membro do Grupo e mes.

No debate deste asunto, producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que aceptan as dúas exclusivas, pero non aceptan os soldos. En situación de crise, as cantidades mensuais que resultan, 3.116,62 €, son excesivas. Deberíamos tomar exemplo de cidades como Madrid, A Coruña, Barcelona ou Santiago. As asignacións aos partidos deberían desaparecer. O voto vai ser non. De ser aprobado, presentaremos unha moción para o próximo Pleno.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que a proposta é manter o que viña de atrás. Non imos torpedear a gobernabilidade do Concello, impedindo neste mandato o que si houbo en anteriores. Entre 2003 e 2007, foron superiores as cantidades a estas. Parécenos que se a retribución foi válida nos últimos catro anos, vale tamén agora. Os problemas económicos non se resolverían diminuindo isto. Van facilitar a proposta coa súa abstención.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que a posición do seu Grupo é que esta cidade necesita persoas que deixen o seu para afrontar os problemas. É razoable, governe quen governe, para atender aos veciños 24 horas ao día durante 365 días ao ano; non son privilexios. Imos apoiar a proposta, pero non apoiaríamos que a retribución da dedicación supere a situación persoal. O anterior Alcalde reduciu o soldo, percibindo unha cantidade inferior ao particular. Debería ser o mesmo agora que o dun profesor; como o descoñecemos, absterémonos. Solicitamos votación separada dos puntos da proposta.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que Monforte necesita tres dedicacións, pero o problema é o soldo, non as persoas.

Do Sr. Alcalde, que agradece que se facilite o acordo. Di as cifras líquidas dos soldos, que non son as que dixo a portavoz de Esperta Monforte.

8. PERSOAL EVENTUAL.

En base á proposta do expediente da sesión, de acordo cos artigos 104 e 104 bis da Lei 7/1985, 176 do R.D.lexislativo 781/1986 e 12 do Estatuto Básico do Empregado Público, o Pleno, por dez votos a favor (Grupos Socialista e do BNG), un voto en contra (Grupo de Esperta Monforte) e cinco abstencións (Grupo do PP), adopta o seguinte

ACORDO

Determinar, da forma que se expresa, o número, características e retribucións do persoal eventual:

- A) Número: UN
- B) Características: Encargado/a do GABINETE DA ALCALDÍA.
- C) Retribución: A que figura no expediente do orzamento de 2015 para unha praza similar, 21.505,26 €.

No debate deste asunto, producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que tamén votará en contra. Non por non necesidade, senón polo mesmo motivo de contía económica, aparte de que hai xente no Concello que podería facer ese labor. Hai moitas carencias en Monforte e debemos dar exemplo. Tamén di que as cantidades que dixo antes saen do orzamento.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que cren que unha persoa de gabinete é necesaria. Máis no caso dun Concello de case 20.000 habitantes. A retribución tampouco se debe considerar como de sobrevalorar o traballo a realizar. Favorecerán coa súa abstención o acordo, en prol da gobernabilidade.

De Dna. Pilar López Martínez, portavoz do Grupo do BNG, que di que están a favor por concordar na necesidade. Dille a Esperta Monforte que pode ser incluso unha persoa licenciada, polo que non é ningunha cantidade extraordinaria. Para nós, cando menos, é un salario asumible.

Do Sr. Alcalde, que lle di a Esperta Monforte que non hai ningún problema en que vexa os números, poden ensinarlle o líquido que vou percibir. Creo sinceramente que considerar excesivo para a persoa do gabinete 1.200 euros líquidos, non o vou valorar: está a nivel de auxiliar. Lamento non estar de acordo con vostede. Agradezo o apoio do BNG e a abstención do PP.

De Dna. Maribel García Díaz, que di considerar a necesidade, pero con menos retribución; aínda que se é por merecer, podería ser incluso máis.

De Dna. Pilar López Martínez, que lle dá o dato que sae da súa cartilla: 1.781,48 euros líquidos.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as vinte e unha horas e vinte e cinco minutos do expresado día, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,

